

CÓDIGO DE ÉTICA POLÍTICA



INTRODUCCIÓN

Este documento recolle unha serie de **prácticas e accións concretas que as persoas que ocupen cargos electos, xerenciais e de designación política deberán cumprir para asegurar unha xestión política comprometida e próxima á cidadanía**, con mecanismos eficaces de transparencia no financiamento e rendición de contas, democráticos e populares, e con espazos reais de participación e decisión cidadá nos asuntos públicos.

Formúlanse diversos **compromisos e medidas** que teñen como obxectivo garantir que as persoas que nos representan poidan dedicar o tempo necesario á xestión política e ás funcións públicas e, ao mesmo tempo, rematar cos **privilexios** dos que, durante moitos anos, gozou boa parte da clase política, e que provocaron un grave afastamento dos intereses da cidadanía.

Esta declaración de ética política parte da **confianza** e o compromiso que as persoas que integran Ourense en Común manteñen con aquelas que ocuparán un cargo de responsabilidade pública, ademais de significar un mecanismo de apoio, supervisión e control á súa tarefa.

As persoas que ocupen cargos públicos baixo o mandato deste Código de Ética Política comprométese a **impulsar os instrumentos e mecanismos legais necesarios** para que estes principios éticos se convertan en norma obrigatoria para todas as persoas na administración municipal.

Este Código Ético quere ser **flexible, dinámico e conciso**. Ourense en Común traballará nun regulamento que concrete e faga operativos os principios deste documento; este regulamento incorporará mecanismos para a súa correcta implantación.

Os principios recollidos neste Código Ético **comprometen todas as persoas** que participan en Ourense en Común, así como as que ocupen cargos electos, xerenciais e de designación política, tanto no Concello de Ourense como noutras institucións provinciais – públicas e semipúblicas– onde o Concello ten participación financeira e nos espazos de toma de decisións.

Todas estas persoas comprométese a:

Defender a aplicación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos nos ámbitos social, político e institucional da nosa sociedade.

1. - DEMOCRATIZACIÓN DA REPRESENTACIÓN POLÍTICA, FISCALIZACIÓN E RENDICIÓN DE CONTAS:

As persoas con cargos electos, xerenciais e de designación política comprométense a:

1.1.- **Defender o establecido no programa político de Ourense en Común** e actuar como representantes, obrigados a seguir as decisións tomadas por mecanismos democráticos e abertos a toda a poboación que fixe Ourense en Común.

1.2.- **Facer públicas as súas axendas**, así como as ordes do día e as actas das reunións.

1.3.- **Facer públicas cada ano, a comezar polo intre da súa toma de posesión, as súas declaracións de bens, renda e, no seu caso, de patrimonio.** Este compromiso estenderase durante tres anos despois do abandono, calquera que fose a causa, das súas responsabilidades. No caso das declaracións de bens precisarase a porcentaxe de titularidade dos bens, así como a identidade ou iniciais das outras persoas cotitulares e o réxime de relación con ditas persoas sempre que exista consentimento expreso.

1.4.- **Facer públicos os criterios de contratación de cargos de designación política e a necesidade da contratación.**

1.5.- **Render contas das súas actuacións ante a cidadanía** mediante instrumentos presenciais e virtuais, asemblearios, democráticos e abertos a todas as persoas nos ámbitos sectoriais ou xeográficos cun especial interese no formato da división territorial galega, fomentando así a unidade territorial das parroquias.

1.6.- **Aceptar a censura (e revogación, no seu caso)** de concelleiras/os e cargos de designación política por mala xestión ou por incumprimento flagrante e non xustificado do programa. Estableceranse mecanismos de garantía e avaliación da xestión das persoas con cargos públicos de Ourense en Común, no control e seguimento do labor dos cargos públicos para garantir unha correcta e honesta aplicación deste principio.

1.7.- **Non acceder nos 5 anos seguintes ao cese no seu cargo a ningún outro emprego nin relación laboral doutro tipo cun organismo público ou de coxestión pública que fose creado en virtude das funcións que o cargo exercido lle conferiu.** Aplicarase esta mesma limitación para o acceso a cargos de responsabilidade en empresas creadas, reguladas ou beneficiadas dun contrato municipal que o cargo exercido lle conferiu directamente, e sempre que non pertencese á mesma con anterioridade ao acceso ao cargo. En ningún caso se ocuparán cargos no consellos de administración destas.

Este punto ten como obxecto a eliminación das portas xiratorias tal e como as vimos coñecendo nos últimos anos, polo que, calquera dúbida ou discrepancia interpretativa xurdida ao respecto será resolta pola AeC, co fin de evitar calquera posible inxustiza por unha aplicación literal, que se separe do obxectivo do punto e que supoña menoscabo para a persoa sobre a que se aplique.

1.8.- Manter un **contacto habitual con colectivos en situación de vulnerabilidade** e ter presente á hora de tomar decisións **os informes das persoas da administración que traballen con estes colectivos.** Estableceranse mecanismos e dispositivos colexiados para xestionar as posibles dificultades e contradicións entre as propostas dos diferentes espazos e/ou colectivos.

1.9.- **Garantir a participación cidadá na toma de decisións relevantes e no posicionamento político de Ourense en Común** sobre temas estratéxicos e proxectos de impacto social, ambiental ou urbanístico da cidade ou barrios, apoiando as iniciativas cidadás propostas a través do marco legal vixente ou no marco de Ourense en Común (a escala de lugar, parroquia, barrio ou vila).

2.- FINANCIAMENTO, TRANSPARENCIA E XESTIÓN DOS GASTOS:

Ourense en Común comprométese a:

2.1.- Ser **transparentes na xestión, publicando todos os gastos e ingresos desagregados**, de xeito que os ingresos dos cargos electos de Ourense en Común, así como do persoal de confianza e cargos directivos, sexan transparentes e accesibles. **Calquera cidadán poderá, ademais, coñecer periodicamente todos os ingresos e gastos do Grupo Municipal de Ourense en Común, estea na oposición ou teña responsabilidades de goberno**. Ademais, todos estes datos deben ser publicados anualmente; o balance de gastos e ingresos do Grupo Municipal, con carácter trimestral.

2.2.- Establecer un **tope máximo ás doazóns privadas** e definir quen as pode levar a cabo. Este tope máximo e as características dos patrocinadores establecerase a través dunha proposta realizada dende o GT de Loxística, Legal e Finanzas que será debatida na Asemblea. As propostas incorporaranse ao presente texto una vez aprobadas.

2.3.- **Renunciar aos créditos bancarios e ás doazóns de particulares** que coarten a independencia política da candidatura. A candidatura terá un compromiso explícito de traballar coas institucións da **banca ética** ou das caixas locais para garantir a súa independencia e a coherencia co seu programa.

2.4.- **Limitar o gasto en campañas electorais**. Do mesmo xeito que no punto 2.2, o gasto establecerase segundo proposta levada a Asemblea por parte do Grupo de Traballo de Loxística, Legal e Finanzas, seguindo os protocolos establecidos para a súa aprobación.

2.5.- **Fomentar o micromecenado finalista** destinado a necesidades e actuacións concretas, mostrando con detalle e total transparencia en que se empregou o diñeiro recadado en cada unha desas accións.

2.6.- **Non utilizar fundacións nin entidades xurídicas para financiarse con mecanismos e recursos pouco transparentes**, ou con obxectivos diferentes aos de Ourense en Común.

2.7.- Fomentar e facilitar **as sancións administrativas** e penais efectivas no caso de financiamento irregular.

2.8.- Facer un bo uso do financiamento, coherente con este Código Ético e os seus valores, **realizando achegas puntuais e finalistas encamiñadas a favorecer o tecido asociativo (sen xerar dependencias ou clientelismos)**.

2.9.- Será o GT de legal e finanzas a responsable de garantir o bo uso do financiamento, en base aos principios e confianza e autonomía emanados do RePensar de OUEC, celebrado no ano 2016.

3.- PROFESIONALIZACIÓN DA POLÍTICA E SUPRESIÓN DE PRIVILEXIOS E MEDIDAS CONTRA A CORRUPCIÓN:

As persoas con cargos electos, xerenciais e de designación política comprométense a:

3.1.- **Renunciar publicamente aos agasallos e privilexios** que lles poidan ofrecer pola súa condición.

3.2.- **Non duplicar cargos nas institucións**, agás os vinculados á súa condición de concelleiro/a.

3.3.- **Non duplicar soldos nin cobrar remuneracións extra** por asistir a reunións, así como combater o malgasto de recursos e fondos públicos no exercicio das súas funcións. De ser así, estes importes serán doados ao proceso municipalista de Ourense en Común.

Se esta situación chegara a producirse, e sempre que non fora posible renunciar ao cobro das percepcións, operaríase sobre as mesmas o límite máximo retributivo exposto tanto no Código Ética Política como no punto seguinte. Asemade **non se entenderá como duplicidade de soldos a percepción por traballos alleos ás labores propias da condición de representante electo.**

3.4.- Ter **uns salarios máximos que non superen dúas veces e media o salario bruto medio da provincia de Ourense**, segundo os datos do Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias, publicado anualmente pola A.E.A.T. Os salarios, respectando o límite anterior, estableceranse segundo o nivel de responsabilidade, dedicación e exposición pública, de acordo coa capacidade orzamentaria e someténdose á prioridade do ben común.

O excedente desta cantidade doarase ao proceso municipalista de Ourense en Común, que decidirá a través da Asemblea sobre o destino final do mesmo, e así mesmo velará por que os cargos non sufran prexuízo ou sexan beneficiados fiscalmente por mor desta fórmula salarial, polo que con motivo da presentación anual da declaración de IRPF e a petición da persoa interesada, a Asemblea poderá aprobar, na medida das posibilidades, o resarcimento económico da mesma cando se demostre a existencia dun prexuízo económico. Será preceptiva a emisión do correspondente informe por parte da Área de Traballo de Loxística, Legal e Finanzas, que non terá carácter vinculante.

O límite citado neste punto operará respecto da totalidade das percepcións de traballo e/ou pensión que se perciba por parte da persoa interesada. No caso de que se reciban percepcións privadas superiores ao límite aquí previsto, a totalidade do percibido en calidade de cargo electo, xerencial ou de designación política será doado a Ourense en Común.

A totalidade dos salarios aos que aquí se fai referencia deberá ser previamente aprobada pola Asemblea.

(Anexo para a corporación 2015/2019) Neste punto só se establece un límite máximo de retribucións, vinculando as percepcións ao nivel de responsabilidade, dedicación e exposición pública, de acordo coa capacidade orzamentaria e someténdose á prioridade do ben común, polo que se fai necesario especificar a situación concreta das concelleiras electas de OUC. **Enténdese que unha retribución axeitada para as concelleiras con dedicación exclusiva sen delegación competencial sería de 1.75 veces o salario bruto medio da provincia de Ourense**, segundo os últimos datos dispoñibles do Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias, publicado anualmente pola A.E.A.T. Sobre as cantidades que excedan os límites recollidos se aplicará o artigo coa redacción orixinal.

3.5.- Publicar e xustificar debida e documentalmente as **compensacións polos gastos** de transporte –preferentemente público–, así como de aloxamento e alimentación ocasionados pola súa actividade pública. De pagárense dietas superiores ás xustificadas o exceso quedará incluído na masa que será doada a Ourense en Común. En ningún caso se poderán cobrar dietas e asignacións para gastos de viaxe superiores ás establecidas como exentas de tributación na normativa tributaria.

3.6.- **Limitar o seu mandato a dúas lexislaturas**, ampliable excepcionalmente a unha terceira tras un proceso de discusión e validación cidadá.

3.7.- **Renunciar ou aceptar o cesamento de forma inmediata ante a imputación** pola xudicatura de delitos relacionados co branqueo de capitais, delitos contra a Facenda Pública, contra a Seguridade Social, contra a Administración Pública, contra a Administración de Xustiza, contra os dereitos dos traballadores e aqueles relacionados coa violencia de xénero, maltrato animal, contra o patrimonio, aqueles que atenten contra os dereitos humanos ou calquera outro delito que a Asemblea considere suficientemente grave.

A Asemblea poderá acordar non impoñer as sancións contidas no presente Código Ético a aqueles cargos electos, xerenciais e de designación política que sexan investigados (imputados), por razón do seu cargo, se as **causas da devandita investigación (imputación) obedecen a actuacións derivadas do cumprimento estrito das medidas contempladas no programa electoral, en cumprimento dos documentos constituíntes de Ourense en Común**, por causa dunha acción política autorizada expresamente pola Asemblea de Ourense en Común ou polo mandato popular froito dos procesos participativos cidadáns.

3.8.- Facer un bo **traslado da información e de coñecemento** (sen remuneración), seguindo un protocolo acordado por Ourense en Común.

3.9.- Os cargos electos por Ourense en Común comprométense a **non abandonar as súas responsabilidades para concorrer a outra convocatoria electoral** –xa sexa europea, estatal ou autonómica– durante a duración do mandato municipal.

3.10.- Desenvolver mecanismos para a **conciliación entre a vida familiar e política**.

4.- GARANTÍAS ÉTICAS:

4.1.- **Comisión de Garantías Éticas:** A Comisión de Garantías Éticas é un grupo de traballo cuxa finalidade é salvagardar os principios éticos de Ourense en Común. Convocarase este grupo sempre que a Asemblea entenda que se incumpriu algún punto do Código Ético ou se así o estimase para o estudo dun caso concreto e desconvocarase unha vez se tomen as decisións pertinentes.

4.2.- **Composición:** Este grupo estará formado por un número impar non inferior a 5 persoas voluntarias (respectando sempre a paridade de xénero) que serán escollidas a decisión da Asemblea segundo protocolo de toma de decisións. Os representantes institucionais, cargos electos ou de designación política e persoas implicadas no proceso non poderán formar parte da Comisión de Garantías Éticas.

4.3.- **Funcións:** A Comisión será a encargada do estudo do caso e da valoración da existencia do incumprimento dos participantes de Ourense en Común, así como das propostas de sancións ou da súa ausencia de forma motivada á Asemblea, que desta forma é a que toma a decisión.

4.4.- Funcionamento:

- A Asemblea decide que algún integrante incumpriu o Código de Ética Política ou que se debe estudar un caso concreto.

- Convócase a Comisión de Garantías Éticas, que fai unha proposta motivada de sanción á Asemblea ou motivará a inexistencia da mesma.

- A Asemblea decidirá sobre a proposta segundo o protocolo de toma de decisións.

4.5.- **Sancións:** Poderán ser sancionadas todas as participantes de Ourense en Común, independentemente do seu nivel de compromiso, sexan ou non cargos con responsabilidade institucional.

As sancións poderán ir dende a amoestación por escrito ata a expulsión, e serán aplicadas en función do incumprimento, a gravidade ou repercusións do mesmo, reincidencia da persoa e cantos outros criterios estimen os integrantes da comisión.

4.6.- **Garantías Éticas en Asemblea:** Estas xunto co procedemento de convocatoria, toma de decisións, etc. recóllense no punto 4.6 do Regulamento Asembleario de Ourense en Común.

5.- DISPOSICIÓN ADICIONAIS:

5.1.- Os cargos electos de Ourense en Común, así como o persoal de confianza e cargos directivos, comprométense a promover a **igualdade** no exercicio das súas funcións, combatendo calquera forma de racismo, xenofobia ou discriminación por razón de xénero ou orientación sexual, así como a favorecer a participación política dos colectivos desfavorecidos.

5.2.- Os cargos electos de Ourense en Común, así como o persoal de confianza e cargos directivos, explicitarán calquera **conflicto de intereses no desempeño das súas funcións** e absteranse de intervir en calquera deliberación ou toma de decisións cando concorran estas circunstancias.

5.3.- Os cargos electos de Ourense en Común, así como o persoal de confianza e cargos directivos, comprométense a **non neutralizar nin debilitar as institucións ou a actividade dos movementos sociais e a cidadanía organizada**.

5.4.- Os cargos electos de Ourense en Común deben **coñecer a lingua galega, así como empregala nas súas intervencións públicas**.

6.- MODIFICACIÓN DO DOCUMENTO DE PARTICIPACIÓN E CÓDIGO ÉTICO:

O presente documento, unha vez aprobado, poderá ser modificado pola Asemblea seguindo o protocolo de toma de decisións establecido pola mesma para Ourense en Común.